




EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 23 DE MAIO DE 2019

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e tres de deste ano, baixo a presidencia do segundo Tenente de Alcalde D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, D.^a ROSANA RIELO ROZAS e D. MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concelleira Secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- 1. aprobación da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 8 de maio e das actas das sesións extraordinaria e urxente do 15 de febreiro e 12 de abril de 2019.

ÁREA DE GOBERNO DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE E PERSOAL

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para rectificación de erros xeométricos e cambios de distribución, como modificación en execución de obra de edificio composto de planta baixa e tres plantas altas e ático para catro vivendas con licenza 260/15 de rehabilitación e ampliación e licenza aprobada na Xunta de Goberno Local do 14 de novembro de 2018, sito na avda. da Coruña, número 114; para adaptación de portal para melloras de accesibilidade no edificio de vivendas sito na ronda da Muralla, números 81-82, con referencia catastral 7637021PH1673N; para a construción de nave industrial de planta baixa dividida en dous módulos 1 e 2, de uso industrial sen actividade definida na rúa Antonio Eleizegui López, número 10 (vía E, parcela O.1.4) Parque Empresarial das Gándaras; para a construción de nave de planta baixa dividida en catro módulos 1, 2, 3 e 4, de uso industrial sen actividade definida na rúa Antonio Eleizegui López, número 12 (vía E, parcela O.1.5) parque empresarial das Gándaras, parcela con referencia catastral 8063309PH1686S0001OI; para reforma de vivenda tradicional e outras obras na rúa dos Chaos, número 1, núcleo rural Pacios-A Barreira-Milleirós, parroquia de Meilán; para reforma do antigo edificio materno-infantil, para a implantación dun Centro Integral de Saúde, na rúa Serra Gañidoira, rúa Poeta Xosé Crecente Vega, rúa Serra de Outes e rúa da Saúde; para a construción de vivenda unifamiliar tradicional sita no núcleo rural tradicional de Cristimil+Riazón, número 8, Parroquia de San Martiño de Ombreiro e para a construción de vivenda unifamiliar illada no núcleo rural tradicional de Cima de Vila+Tabernas+Toiriz, número 22, Parroquia de Santiago de Piúgos.



2. PERSOAL.- Acórdase a aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade a unha praza de Enxeñeiro/a de Camiños, pertencente ao cadro de persoal funcionario, en quenda de promoción interna (Ope 2016).

Tamén se acorda a aprobación das bases do proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de Mestre Electricista, pertencente ao cadro de persoal funcionario, quenda de promoción interna (Ope 2016).

Do mesmo xeito, acordase aprobar a proposta do servizo de persoal de autorización para a realización de servizos extraordinarios polo persoal da unidade administrativa da Policía Local desde o día 23 de maio e o mes de xuño de 2019 e a aprobación da forma de compensación.

Así mesmo, acordase aprobar a proposta do servizo de persoal de autorización para a realización de servizos extraordinarios polo persoal do Servizo de Actas e Goberno desde o día 23 de maio e os meses de xuño e xullo de 2019 e a aprobación da forma de compensación.

ÁREA DE GOBERNO DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase aprobar a terceira prórroga do contrato administrativo para a explotación da cafetería restaurante no edificio Mirador do Parque Rosalía de Castro, para o período comprendido entre o 21 de xuño de 2019 e o 20 de xuño de 2020.

ÁREA DE GOBERNO DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E INCLUSIÓN

4. SERVIZOS SOCIAIS.- Acórdase aprobar o informe proposta cesión de uso piso propiedade municipal.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

- Contratación dos servizos complementarios e de colaboración á xestión recadatoria municipal en período executivo e para a xestión administrativa e recadación das multas de tráfico en período voluntario e en período executivo. Exp. Ref. 40-2017. Desestimación alegacións presentadas- Adxudicación.

- Contratación da subministración mediante lotes da subministración de enerxía eléctrica de media tensión (lote 1) e de enerxía eléctrica de baixa tensión (lote 2) (exp 2018-09). Adxudicación.



CSV: wZLp/e/Z8bFi04s9TpjZAg==

SINATURAS

MARIA CARMEN BASADRE VAZQUEZ - TENENTA DE ALCALDE - AREA DE CULTURA, TURISMO, XUVENTUDE E PROMOCION DA LINGUA

PAXINA: 2 / 3

DATAS(UTC)

28/05/2019 08:39:50



Concello de Lugo

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refº: 19extractoxg23

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-5-2019

- Contratación da prestación dun servizo de mantemento integral de ascensores (lote 1) e de portas automáticas e motorizadas (lote 2) nas instalacións municipais. aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto e regulación harmonizada. Apertura do procedemento de adxudicación. Expte. Ref 2019-014.

- Contratación do servizo de axuda no fogar no Concello de Lugo. (exp. ref 2018-72). Adxudicación.

Asinada pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira Secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.



MURALLA
patrimonio da humanidade



CSV: wZLp/e/Z8bFi04s9TpjZAg==

SINATURAS

MARIA CARMEN BASADRE VAZQUEZ - TENENTA DE ALCALDE - AREA
DE CULTURA, TURISMO, XUVENTUDE E PROMOCION DA LINGUA

PAXINA: 3 / 3

DATAS(UTC)

28/05/2019 08:39:50